




AGA CELEBRA A SÚA DÉCADA DE HISTORIA







Damos forma al mundo en que vives

La amplia gama de productos explosivos de MAXAM y el experto asesoramiento técnico de nuestros profesionales permiten a canteras y explotaciones mineras obtener los mejores resultados económicos y en términos de seguridad en la extracción de los materiales que, posteriormente transformados, forman parte de nuestra vida.

Desde hace más de 130 años, MAXAM está en el origen y el bienestar del mundo que nos rodea, estableciendo con su desarrollo sostenible para conseguir el progreso y crecimiento de todos los que vivimos en él.

MAXAM



PRODUTIVA
est. 1910

MALLAS METÁLICAS
PENEIROS METÁLICOS
GRILLES DE CRIBLAGE
WIRE SCREENS

PRODUTIVA, FÁBRICA DE BODILHA
RUA DA LARDEI 27 4000-385 VILA REAL PORTUGAL
T. +351 251 788 700 F. +351 251 718 900
produtiva@produtiva.net www.produtiva.net



EXPLOSIVOS SANTOSCAO

explosivos@santoscao.com
986 846 094 – 649 489 790



EDITA
Asociación Galega de Áridos (AGA)
R/Agro da Vella, 3 1º C
15895 Milladoiro-Ames
A Coruña
Tel.- Fax: 981 535 602
aga@aridos-galicia.com
www.aridos-galicia.com

DESEÑO, EDICIÓN E CONTIDOS
Incis
DISTRIBUCIÓN
Asociación Galega de Áridos (AGA)
DIFUSIÓN
Gratuita
IMPRESIÓN
Gráficas Garabal, S.L.
DEPÓSITO LEGAL

COLABORA:

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas



Expertos en canteras en acción

Cada paso dado en la explotación de canteras influye sobre el siguiente y, por consecuencia, en el resultado final. Esto es aplicable tanto a la calidad del árido como a su rentabilidad.

Sandvik no sólo posee una línea completa de productos de tecnología punta para todas las aplicaciones, sino además un conocimiento profundo del proceso de canteras, basado en la experiencia adquirida gracias a nuestro trabajo con clientes a nivel mundial.

Estamos preparados para trabajar en colaboración con nuestros clientes para optimizar sus operaciones y ayudarles a alcanzar e incluso superar sus objetivos. Estamos a su disposición para encontrar la mejor solución en todas las fases de su ciclo productivo.

SANDVIK ESPAÑA, S.A. - División Minería y Construcción
Avenida San Pablo, 36 - 28823 Contada (Madrid)
TEL: +34 91 660 51 00 - email: mineria@construccion.es@sandvik.com
www.sandvik.com

SANDVIK

Unha década sumando

A revista da Asociación Galega de Áridos (AGA), Buxard@, preséntase coma unha canle de información que complementa aos xa existentes na asociación. Ocuparase da actualidade do sector, dos temas que inquietan aos empresarios, das campañas que promovemos e, en definitiva, de todo o relacionado coa produción dos áridos que sexa de interese.

O mundo dos áridos é un referente na minería galega, onde ocupa un lugar privilexiado en canto ó número de explotacións, emprego directo e indirecto xerado, produción e volume de negocio.

No ano 1999, un grupo de empresarios galegos do sector formou a organización co obxectivo de promover a unión de tódalas empresas galegas produtoras de áridos e de constituír unha única voz que traslade á sociedade e ás Administracións as inxerencias e puntos de vista do conxunto das compañías. Velaquí os motivos polos que se fundou a Asociación Galega de Áridos. Neste exercicio, AGA acada o seu décimo aniversario.

Ó longo dunha década, o número de asociados medrou ata chegar aos 57 actuais, de xeito que hoxe está en AGA a maioría das empresas produtoras de áridos de Galicia. Entre todas teñen en explotación 79 canleiras distribuídas por todo o territorio galego.

AGA conta cunha xunta directiva de once membros (un presidente, dous vicepresidentes, un secretario, un te-



Ramón Carballal Dávila
PRESIDENTE
DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS

soureiro, e seis vogais), e dun ano para aquí incorporamos á nosa estrutura un director e mais unha secretaria. Tamén adquirimos unhas oficinas en propiedade, preto de Santiago de Compostela, no Milladoiro-Ames.

A organización desenvolve un intenso labor para establecer un marco de relacións fluído e dinámico coas distintas Administracións. Esta actividade recae nos membros da Xunta Directiva, empresarios que consumen unha parte do seu tempo en defender os intereses comúns, presentando ao sector comprometido ao servizo da sociedade. AGA é a canle pola que tramitamos alegacións a propostas lexislativas, participamos en plans de ordenación territorial, desenvolvemos proxectos, campañas e convenios de colaboración con distintas institucións, etc.

A AGA é membro activo tanto da Cámara Mineira de Galicia, da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), e

a nivel nacional da Federación de Áridos (FdA), a través da que tamén ten voz na recentemente formada Confederación de Industrias Extractivas de Rocas e Minerais Industriais (COMIN-ROC) e en Europa mediante a Unión Europea de Produtores de Áridos (UEPG). Ademais forma parte ou está tramitando a incorporación a outras institucións ou órganos consultivos do sector.

A nosa entidade leva a cabo actuacións encamiñadas a que o sector sexa percibido con máis nitidez pola sociedade. Deste xeito se desenvolve un traballo dirixido a visualizar a importancia dos nosos materiais na vida cotiá.

Outra das prioridades da asociación radica en promover activamente a mellora continua das condicións de seguridade e saúde laboral nas

nosas explotacións, a preservación do medio ambiente e a mellora da capacitación técnica dos nosos traballadores.

Na situación actual onde se unen a caída do consumo dos áridos polo freo da construción coa grave crise dos mercados financeiros, é importante analizar a evolución da situación, as perspectivas de futuro e as medidas a propoñer. AGA considerase na obriga de aproveitar esta situación para mellorar as estruturas e a xestión das empresas, de xeito que se poidan adaptar ás futuras perspectivas de consumo, en consonancia co noso entorno, lonxe das cotas dos anos pasados. E cómpre manter a calma, reducir os riscos que se asuman e apoiar aos clientes sen comprometer o futuro das nosas empresas.

AGA leva a cabo actuacións para que o sector se perciba con máis nitidez

O mundo dos áridos é un referente na minería galega

AGA desenvolve toda unha serie de iniciativas encamiñadas a mellorar ó sector

Un ano de actividades

Seguindo a liña iniciada hai tempo, a Asociación Galega de Áridos puxo en marcha durante o presente ano diversas accións encamiñadas a que tanto a opinión pública coma as Administracións coñezan e se decatén da importancia desta industria esencial: organización de xornadas de diverso tipo, participación activa en eventos nacionais do sector, redacción

e difusión de material de formación, elaboración de estudos de investigación e un longo etcétera.

Por terceiro ano consecutivo celebrouse o seminario de formación para xornalistas. Nesta ocasión organizouse o pasado 11 de novembro na cidade de Lugo. Sendo conscientes da capacidade de influencia que teñen os representantes do cuarto poder, con esta acti-

vidade perséguese un dobre obxectivo. Por unha banda, formar ós propios xornalistas nunha materia que segue sendo a gran descoñecida e, por outra, divulgar entre opinión pública as cuestións de relevancia que atinxen á industria dos áridos. A xornada tivo unha parte teórica e outra práctica; nesta última realizouse unha visita guiada á canteira de Prebetong en Lugo.



▲ III Seminario de formación de Xornalistas

O pasado 11 de novembro organizouse en Lugo o *III Seminario de formación de xornalistas*. O director de AGA, José Manuel González e o vicepresidente primeiro, Juan de Dios Martín expuxeron diante dos medios de comunicación ó labor que realiza AGA e as principais cuestións que preocupan e ocupan ó sector.



◀ Cursos de formación para os traballadores das empresas asociadas

No último cuatrimestre do ano e en colaboración coa Federación de Áridos, AGA impartiu catro cursos de formación nas cidades de Santiago de Compostela e Pontevedra. Recibírona os traballadores ó fronte dos postos de operadores en actividades extractivas de exterior de diferentes maquinarias.

r galego e dalo a coñecer dentro e fóra de Galicia

para fortalecerse

Para continuar achegándonos ó público xuvenil, ademais de difundir o cómic *Os áridos. Un día na canteira con Lagartíño* xunto coas unidades didácticas, AGA organizou *O II Día das árbores*. Os cativos desprazáronse ata unha explotación de áridos e, despois de visitala, plantaron varias árbores contribuíndo á reforestación do terreo. Con esta xornada evidenciouse o compromiso do

sector coa protección e o respecto ó medio ambiente.

A asociación tamén estivo presente cun stand propio na *I Conferencia Internacional da Minería Sostible 2009*, organizada no mes de abril en Santiago de Compostela, e no *II Congreso Nacional de Áridos*, celebrado en Valencia o pasado outubro. En ámbolos dous eventos especializados AGA deu a coñecer

diversos aspectos do ámbito dos áridos en Galicia, exercendo de voceira do sector.

Paralelamente, a entidade traballa na previsión dos riscos laborais mediante a posta en marcha dunha campaña gráfica (carteis ilustrados) e realizando un seminario no que interviñeron os principais servizos de Prevención Allea de Galicia.



> O mundo dos áridos tamén pode ser entretido

Durante o presente ano difundíuse entre os cativos de diversos centros de ensinanza de Galicia o material divulgativo elaborado expresamente para o público xuvenil: o cómic *Os áridos. Un día na canteira con Lagartíño* e as unidades didácticas, onde se detalla de modo comprensible e ameno todo o que ten que ver co sector.

✓ Premios Nacionais FdA de Desenvolvemento Sostible 2009

En nome do asociado Explotación Mínera de Campomarzo, o director de AGA, José Manuel González, recolleu o primeiro premio a Pequenas e Medianas Empresas na categoría *Económico-contribución á economía/valor engadido á sociedade*, dentro dos Premios Nacionais otorgados pola Federación de Áridos.



AGA...NA I CONFERENCIA INTERNACIONAL DE MINERÍA SOSTIBLE

> Santiago de Compostela acolleu expertos de todo o mundo

Entre os días 15, 16 e 17 de abril, profesionais do sector procedentes de diversos países debatiron e intercambiaron coñecementos en materia de desenvolvemento sostible aplicado ás actividades extractivas. Así presentáronse modelos de xestión mineira sostible máis avanzados e reclamouse a necesidade dun desenvolvemento responsable das industrias, apoiada por unha intervención máis activa do Estado.



AGA...NO II CONGRESO NACIONAL



< Forte apoio da Administración galega no foro de ámbito nacional

Valencia acolleu a segunda edición do Congreso Nacional de Áridos organizado o pasado mes de outubro. Ademais de ter un *stand* propio onde dar a coñecer o sector galego, AGA estivo respaldada pola Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas da Xunta de Galicia. A Subdirectora Xeral de Recursos Minerais, María Mijares, participou nunha mesa redonda xunto con membros de AGA e representantes do Ministerio de Industria.

PRÓXIMA CAMPAÑA... CARTEIS DE PREVENCIÓN DE RISCOS



< Fomentando o traballo seguro

A entidade ultima a edición dunha serie de carteis en materia de prevencións de riscos laborais. Esta acción, encadrada nunha campaña máis ampla de seguridade, pretende dotar a tódalas explotacións asociadas de material ilustrativo e de concienciación de boas prácticas no traballo. Distribuiranse cinco modelos diferentes con varias situacións de risco e as súas respectivas actuacións correctas.

ADEMAIS DISO...

Estudos de investigación

AGA impulsa a realización de sendos estudos de investigación. Por unha banda, está elaborando un estudo sobre os sectores áridos en Galicia que incluírá os seguintes elementos: mapa de áridos, explotacións, reservas, características técnicas e usos dos distintos tipos de áridos. Con esta investigación AGA pretende coñecer de primeira man a distribución xeográfica e as reservas estimadas dos distintos tipos de áridos existentes en Galicia, sabendo así as súas características técnicas e como se poden aproveitar.

O outro estudo afonda nos resultados da aplicación da ITC 2.0.02 de loita contra o po nas industrias extractivas. Isto é, esta investigación porá de manifesto as condicións de saúde e seguridade laboral en relación coa dita ITC. Deste xeito tamén se actualizarán os datos e as conclusións obtidas do estudo realizado no 2008 con respecto ás especificacións que se marcan nesta nova ITC 2.0.02.

PLANTANDO ÁRBORES... NA EXPLOTACIÓN DE ÁRIDOS

> Os pequenos contribúen a reforestación da canteira

A explotación de Áridos Miramontes, a 15km de Santiago de Compostela, recibiu unha visita moi especial o pasado 1 de abril: os cativos do colexio Manuel Peleteiro. Entusiasmados seguiron as explicacións nunha visita guiada, trala que contribuíron á restauración do terreo xa explotado plantando cada un deles unha árbore. Con esta xornada AGA continúa a difundir o traballo das explotacións de áridos a nivel social e a transmitir a conciencia do sector polo respecto ó medio ambiente.



EN CURTO

Conclusións da xuntanza: O 20% do PIB de España

1. A produción de áridos é unha industria imprescindible para o desenvolvemento económico e social. Dos áridos depende, directa ou indirectamente, entre 15 e o 20% do PIB de España.

2. A obra pública non está cumprindo a función anticíclica e os aprazamentos de pago están afogando ás empresas de produtos da construción. Constatouse un importante desfase entre a obra pública que se anuncia e a que realmente se executa.

3. O sector dos áridos está obrigado a tomar medidas para redimensionarse e encarar o futuro: incrementando a produtividade e a competitividade, aumentando o tamaño das empresas, apostando por produtos de maior valor engadido, etc.

4. As empresas de áridos están á cabeza de Europa en Xestión Sostible e deben seguir avanzando nesta materia. Existe unha crecente implicación social nas áreas onde se atopan as explotacións.

5. O sector, co apoio das Administracións, ten que loitar para erradicar a competencia desleal e por mellorar a situación xurídica das empresas. Nun escenario de crise, este tipo de competencia é máis perigosa e mellora a súa posición relativa no mercado fronte a actividade legal.

O II Congreso Nacional de Áridos tivo lugar o 1 ó 3 de outubro en Valencia

O sector reclama máis inversións en infraestruturas

Tralo éxito acadado na súa primeira edición celebrada en Zaragoza no 2008, a Federación de Áridos (FdA) organizou entre o 1 e o 3 de outubro últimos o II Congreso Nacional de Áridos. Nesta ocasión Valencia foi a cidade anfitriona. Ata alí desprazáronse case 800 persoas vinculadas ó sector, entre empresarios e profesionais (científicos e técnicos).

Os congresistas traballaron xuntos para a consecución duns obxectivos concretos como foron demostrar á sociedade a importancia estratéxica da actividade de produción de áridos, fomentar a conciencia de sector e amosar os últimos avances e innovacións xurdidos. Así mesmo, os participantes debateron sobre os principais problemas que lles atinxen e analizaron as posibles vías de actuación. Concretamente, a crise económica estivo presente e entre todos trataron de achegar solucións e alternativas para superar estes tempos difíciles.

Durante os tres días de relatorios, sesións técnicas e comunicacións, os congresistas constataron que o sector está unido e que é quen de amosar o seu peso específico, ademais de que recibe

o apoio das Administracións, a vulgar pola elevada presenza e participación activa de autoridades. Nas xuntanzas mantidas, abríronse liñas de traballo que axudarán, segundo afirman os organizadores, a mellorar a posición desta industria no futuro.

O sector explicitou a necesidade urxente dun maior investimento público en infraestruturas que permitan dinamizar a economía do país. Tamén reclama o cumprimento da lexislación vixente a respecto da redución dos períodos de pago, empezando polas mesmas Administracións. Actualmente, os pagamentos fanse con demoras de entre 180 e 240 días, cando a lexislación establece que sexa entre 30 e 60

xornadas. Así mesmo, considérase que un incremento da seguridade xurídica das empresas é algo decisivo para mellorar o sector e para que este poida madurar; por mor diso, deben

racionalizarse as garantías técnicas e económicas para acceder ós recursos.

Como membro activo da FdA, AGA participou no Congreso cun estand propio de exhibición do sector extractivo en Galicia e exercendo de voceiro do sector nos distintos foros de discusión.

Pediuse o cumprimento dos períodos de pago fixados por lei

JAVIER GUERRA | CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

“Sen minería non hai benestar nin progreso”

Desde a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, e a través das palabras do seu primeiro representante, Javier Guerra, quérese demostrar que se coñecen os principais problemas que afectan ó sector dos áridos e que se están levando a termo as medidas para solucionarlos.

Apóstase pola creación dun clúster da minería para mellorar a competitividade do sector, aumentando a fortaleza das empresas fronte as industrias externas.

Paralelamente, o conselleiro salienta como unha das cuestións primordiais a resolver a situación de alegalidade na que se atopan moitas das explotacións de áridos. E aínda que xa se normalizou a situación administrativa de case corenta explotacións, a consellería está a traballar nunha instrución informativa que axilice o proceso de regularización e para que se eliminen as trabas burocráticas en xeral.

A Administración tamén se amosa sabedora e disposta a combatir a competencia desleal xurdida da utilización de materiais que non proveñen de canteiras e graveiras legalmente autorizadas. Por iso, asegura que se incrementaron as inspeccións que garantan a legalidade do material comercializado.

Outras das medidas en prol do sector que Guerra anuncia nesta entrevista é a próxima liña de financiamento para que as sociedades mineiras poidan solventar as súas necesidades de circulante. Porase en marcha no 2010.



O conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, destaca a importancia do sector dos áridos para a sociedade

A consellería fomentará a posta en marcha do clúster da minería

O conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, responde ás cuestións que lle plantea a Asociación Galega de Áridos.

•— ¿Que problemas detecta a Consellería no sector da explotación e produción de áridos?

•— Dende a Consellería de Economía e Industria estamos a detectar como un dos problemas máis salientables a situación de “alegalidade” na que se atopan moitas das explotacións, e somos conscientes da repercusión que ten no valor patrimonial das mesmas. Neste sentido, cómpre sinalar que dende a Consellería de Economía e Industria temos normalizado a situación administrativa dun total de 37 explotacións mineiras galegas ubicadas fóra da Rede Natura, tal e como se comprometera no seu momento. Outro dos problemas que tamén estamos a afrontar, a través da Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas, está relacionado coa competencia que se produce no sector pola utilización de materiais que non proveñen de canteiras e graveiras legalmente autorizadas, e pola comercialización doutros produtos como áridos e que non cumpren os requisitos legais para ser cualificados como tales. De xeito, que temos intensificado os procedementos de inspección, co

obxectivo de garantir o cumprimento da legalidade neste eido.

•— ¿Cales son os ámbitos do sector dos áridos no que se debe actuar segundo a Administración?

•— A Consellería se ten posto a traballar dende o primeiro momento na búsqueda de solucións aos problemas que afectan a minaría. De feito, como xa lles comentei, estamos fortemente implicados na tarefa de fomentar a existencia dunhas pautas correctas de competencia no sector, a través de campañas de inspección das explotacións non autorizadas conforme a lexislación mineira, controlando o mercado CE dos produtos e axilizando os procedementos de seguimento de denuncias e os dos chamados préstamos de obra civil. Nesta liña, tamén se está a axilizar a devolución dos avais de rescauración que comprometen o crédito das empresas naqueles casos onde xa non teña obxecto manter o devandito aval. No ámbito do acceso aos recursos e do procedemento, estamos fomentando a instauración de instrumentos

que permitan compatibilizar a extracción de minerais con outros usos, sempre contando co máximo respecto e protección do medio ambiente.

•— Entre o ano 2007 e 2008 o sector dos áridos acusou un descenso dun 45% nas súas vendas. ¿Que liñas concretas de apoio prepara a Administración para o relanzamento deste sector produtivo básico do que dependen máis de 4.000 familias en Galicia?

•— A primeira medida de apoio é fomentar a posta en marcha do clúster da minería de Galicia para mellorar a competitividade do sector, en base á colaboración de todos os axentes implicados, o que permitirá o establecemento de pasarelas de coñecemento entre os mesmos. Algo tan importante para o avance e desenvolvemento do sector. A clusterización do sector galega é un

//

Os concellos non atopan os procedementos para aplicar o previsto na lei

//

desexo compartido entre o Goberno autonómico e os profesionais da minaría galega, porque este tipo de organizacións veñen a aumentar a fortaleza das empresas que se integran neles, de tal xeito que as industrias externas deban competir, non contra empresas individuais nin tampouco contra un grupo de empresas, senón contra toda unha infraestrutura cultural de apoio a un determinado sector. Por iso, estamos a traballar para favorecer e apoiar as iniciativas de colaboración que se produzan entre as empresas do sector, co obxectivo de complementar as súas fortalezas e apuntalar o seu posicionamento internacional. Asemade, outra medida que estamos a artellar pasa pola inclusión do sector dos áridos dentro do paquete de accións orientado

á internacionalización do sector mineiro de Galicia que participará tamén nos instrumentos financeiros que para o próximo ano se poñerán en marcha de maneira específica no eido da minería galega.

•— Hai máis dun ano que entrou en vigor a Lei de Ordenación da Minería, ¿en que aspectos considera que se mellorou esta actividade?

•— A Lei da Minería contempla as explotacións como planificacións de incidencia supramunicipal e posibilita a regularización das explotacións mineiras que estaban nunha situación de alegaldade, nembargantes dende a Consellería estamos a traballar na elaboración de normativa complementaria, porque, entre outras moitas cousas, os concellos non atopan os procedementos axeitados para aplicar o previsto na lei. Polo tanto, na miña opinión se está a demostrar que esta normativa é francamente mellorable, unha tarefa na que xa nos temos posto a traballar dende a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

•— Pero, concretamente, ¿como se axilizará o proceso de regularización xa que nós calculamos que aínda existe un 30% de explotacións de áridos en funcionamento pendentes da súa legalización?

•— Tal como lle adiantei, a Consellería está a traballar nunha instrución informativa que en breves datas dictará a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas co fin de facilitar a interpretación do significado do recoñecemento administrativo das explotacións mineiras emitido pola Dirección Xeral en relación ao procedemento de outorgamento das licenzas. Con isto pretendemos axilizar o proceso cando xa se teñan tódolos trámites e autorizacións.

•— ¿Está prevista na axenda da Consellería o desenvolvemento do

regulamento ou dalgunha lexislación máis específica para solucionar os problemas do sector tales coma os accesos ós recursos?

•— A Consellería pretende que a actividade mineira sexa unha actividade coñecida e comprendida pola sociedade, e neste proceso traballa co obxectivo de ir eliminando a existencia de trabas burocráticas innecesarias para axilizar os procedementos de acceso aos recursos.

•— A falta de crédito bancario é unha das consecuencias do período económico que estamos atravesando e que o sector dos áridos está sufrindo máis. Os empresarios dedicados a explotación e produción de áridos estámonos atopando con moitos problemas á hora de que os bancos nos financien as nosas operacións. ¿Podería a Administración intervir dalgunha maneira para que cambie esta situación?

•— Dende a Consellería de Economía e Industria imos a establecer no ano 2010 unha liña de financiamento para que as sociedades mineiras podan solventar as súas necesidades de circulante. Ademais, cómpre lembrar que o sector ten a súa disposición as liñas de apoio ao financiamento que temos aberto dende o Instituto Galego de Promoción Económica. Neste caso, o máis salientable podería ser o Plan de Avais que inclúe as liñas re-Brote e re-Solve, coas que se mobilizarán 400 millóns de euros en operacións de crédito para facilitar a empresas, microempresas e autónomos o acceso ao financiamento. De xeito que lles permita obter liquidez e afrontar o pago de nóminas, alugueres, seguridade social, acredores, vencimento de débedas como os custos de préstamos a longo prazo, custos de leasing e facilitar tamén ás empresas

SEGUE NA PÁXINA 12...

PERFIL BIOGRÁFICO

Javier Guerra Fernández naceu no ano 1964. Está casado e ten dous fillos. É licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago. Realizou un master na Escola Superior de Xestión Comercial e Marketing en Madrid. Tamén conseguiu o título de Master en Business Administration en California e o Diploma na Escola de Dirección de Empresas de Madrid.

A súa andadura laboral comezou hai 22 anos nunha consultora pertencente ó Grupo Internacional Italiano DATABANK. Dous anos despois acadou o cargo de Director Xerente para España e Portugal da División Home do *Grupo Financiero Tessile*. Entre os anos 1991 e 2000 desempeñou funcións directivas nas seguintes empresas: *Steilman Iberica*; *Grupo Alfico, S.A.*; *American Nike Iberia, S.A.* e *Grupo Coflusa S.A. (Camper)*; e *Brasopi S.A.* Desde o ano 2002 é o propietario e administrador único da empresa *El secreto del Mar, S.L.* en Vigo.

En canto ó seu percorrido político, Guerra foi Presidente Provincial de Novas Xeracións de Pontevedra e de Galicia e membro fundador do Consello da Xuventude de Galicia e da executiva do Consello da Xuventude de España. Igualmente, foi concelleiro Delegado de Economía, Facenda, Personal, Patrimonio e Contratación en Vigo e ata o día de hoxe, foi Deputado pola provincia de Pontevedra no Congreso de Deputados en Madrid.

... VEN DA PÁXINA 11

liñas de crédito para adianto de efectos comerciais e facturas, así como pólizas de pago a provedores. Este é un proxecto moi ambicioso, que se suma a outras iniciativas deste Instituto como o programa de apoio ao circulante para préstamos ou pólizas de crédito que se destinan ao financiamento do activo corrente para Pemes, ou a liña Igape-ICO para apoiar a microempresas e pemes que promovan investimentos en Galicia, ou no estranxeiro, mediante algunha das liñas do ICO. Na miña opinión, nestes momentos complicados os que xestionamos os recursos públicos estamos na obriga de exercer un papel dinamizador sobre a actividade económica debemos ter en conta que o noso tecido produtivo ten necesidades moi concretas que non se poden postergar no tempo.

- A Lei da Morosidade non se está aplicando. Isto é, estannos pa-

gando as facturas a 200 días vista, algo moi difícil de soste pola iniciativa privada. ¿Qué facer para que se cumpran os prazos establecidos por lei?

- Para facer cumprir os prazos establecidos é necesario esixir o cumprimento da lei ante os tribunais, ben entendido que é moi complicado,

//

Ata o de agora as asociacións profesionais foron pouco escoitadas

//

prazos.

- A nosa actividade segue a ter un perfil moi negativo na opinión pública e incluso na Administración que se ocupa do medio ambiente. Desde a AGA levamos 10 anos tratando de paliar esta realidade pero é unha tarefa na que todos nos debemos implicar, empresa privada e Administración Pública. ¿Que cre que se podería facer

desde o órgano que representa?

- A Consellería ten previsto desenvolver ao longo do ano 2010 a realización dunha campaña de sensibilización social e comunicación sobre a importancia que ten a minaría para manter o benestar da sociedade tal como actualmente está concebido. Sen minaría non hai benestar nin progreso, e é necesario trasladar esta realidade aos cidadáns para que sexan conscientes.

- ¿Que papel xogan as asociacións sectoriais como a nosa ante a Administración? ¿Son tidas en conta?

- Ata agora teño a impresión de que as asociacións profesionais foron pouco escoitadas. Por iso, dende a Consellería que dirixo non se van facer oídos xordos as iniciativas das asociacións. Nos queremos fomentar unha relación aberta e fructífera cos profesionais do sector, e estou seguro de que contaremos, pola súa banda, coa actitude de colaboración leal que precisamos para conseguir unha auténtica e eficaz vertebración técnica e económica dos sectores representados.



www.oricaminingsservices.com



A Lei de Ordenación Urbanística e protección do medio rural contradí outros regulamentos

Julio César Valle Feijoo. Asesor xurídico de AGA

Ante a eventual reforma da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, AGA quere achegar unhas reflexións.

É tradicional no noso dereito urbanístico (tanto histórico estatal, coma autonómico), que a lei conteña prohibicións do uso extractivo en diversas categorías de solo rústico. Tal forma de proceder presenta dúbidas sobre a súa legalidade. Vexamos a continuación a crítica polo miúdo en función de cada categoría de solo:

Solo de protección natural

A normativa europea sectorial non contén limitación xenérica algunha ao uso extractivo; logo isto débenos levar a cuestionarnos por que a Lei 9/2002 si o fai.

A Comisión Europea, consciente das dificultades que para o sector extractivo está xerando a aplicación da Direc-

tiva Hábitats, a finais de 2008 aprobou unha Estratexia Europea sobre as Materias Primas Non Enerxéticas, tendente a asegurar ás sociedades o subministro desas materias primas. Para isto, está desenvolvendo desde aquel ano unha guía interpretativa sobre explotacións de minería non enerxética e áreas da Rede Natura que contribúa a “clarificar a forma de conciliar as actividades extractivas en áreas da Rede Natura 2000 ou nas súas proximidades coa protección do medio ambiente”.

Non semella o máis axeitado facer unha reforma lexislativa que consagre unha regulación contraria á que se está elaborando en Europa, sobre todo, se consideramos o principio de primacía do dereito comunitario sobre o dos estados membros.

Solo de protección de augas

De novo nos atopamos con que a Lei 9/2000 prohibe taxativamente o uso

extractivo no solo rústico de protección de augas. Porén, o artigo 77 da vixente Lei de Augas estatal regula o aproveitamento de áridos na propia canle dos ríos. É dicir, que a Lei de Augas, norma sectorial na materia, permite a extracción de áridos mesmo no leito fluvial, e a Lei urbanística galega establece a prohibición non só na canle, senón tamén na súa zona de policía (100 metros a cada beira).

Máis aínda, o mesmo artigo 77 da Lei de Augas prevé no seu apartado terceiro a utilización de áridos dos ríos para a rexeneración do litoral marítimo terrestre, o que será sempre prioritario sobre outro uso privativo. Pero a devandita actuación en defensa do litoral en Galicia está prohibida por razón urbanísticas. Igualmente, o artigo 137 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico prevé a extracción de áridos que “polas circunstancias físicas dunha canle” o organismo de conca considere

conveniente (suponse que para evitar inundacións indesexables ou mutacións no leito fluvial). Pois ben, Augas de Galicia non poderá realizalo, xa que é un uso categoricamente prohibido pola Lei 9/2002.

Solo de protección de costas

A Lei 9/2002 prohíbe taxativamente o uso extractivo no solo rústico de protección de costas (aquele que ten por obxecto protexer o dominio público marítimo e o seu contorno, segundo afirma o propio artigo 38 da norma). Pola súa parte, o artigo 66 da vixente Lei de Costas regula a duración e o outorgamento de concesións de ocupación de dominio público costeiro por razón mineiras. Noutras palabras, a Lei de Costas permite a explotación mineira no dominio público costeiro e na súa zona de servidume, regulando minuciosamente (art. 84) o canon a cobrar polo outorgamento de concesións de ocupación do dominio público costeiros para fins mineiros e, a Lei 9/2002 prohíbe nesa mesma zona o uso extractivo.

Solo de protección de paisaxe

A Lei 9/2002 prohíbe taxativamente o uso extractivo no solo rústico de protección da paisaxe, pero as previsións contidas na Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia, concretamente no seu capítulo III, regulan unha serie de instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe (catálogos e directrices, así como estudos de impacto e integración e plans de acción en áreas protexidas). Nelas non están delimitadas as zonas paisaxísticas de Galicia nin as unidades de cada unha delas, menos aínda as súas directrices. Sen embargo, a Lei 9/2002 impide no solo con protección paisaxística, de forma indiscriminada, calquera uso

extractivo; entón cabe preguntarse: o subterráneo tamén?

Solo de protección cultural

A Lei 9/2002 prohíbe taxativamente o uso extractivo no solo rústico de protección cultural. A Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia en modo algún impide a actividade extractiva con carácter xenérico nas zonas declaradas bens de interese cultural (BIC) e nas súas áreas de influencia ou perímetros protectores, senón que o artigo 32 remite aos estudos de impacto ambiental a determinación do valor que haxa de prevalecer.

O seu artigo 63 establece que a execución de obras en zonas arqueolóxicas (como poida selo unha actividade extractiva) esixirá a previa aprobación dun proxecto arqueolóxico pola Admi-

“Vella e desacreditada é a idea de que a acción do Estado sobrepuxo na industria ao interese particular, e se nalgún ramoponse de manifesto o absurdo de semellante doutrina, é precisamente na industria mineira (...) Concédase liberdade ao mineiro, déixeselle distribuír o seu capital e o seu tempo como mellor lle conveña, protéxao o Estado como protexe aos demais traballadores, e se a industria mineira non alcanza deste modo a perfección absoluta, porque a perfección non é de humanas sociedades, polo menos chegará a unha relativa que debe ser o límite racional ao que aspire”.

Exposición de motivos do Decreto Lei de 29 de decembro de 1868 polo que se aproban as Bases Xerais para a Nova Lexislación de Minas.

nistración competente. Pero non impide a priori calquera proxecto extractivo ou doutra natureza, senón que dá a opción de que o correspondente estudo determine a importancia ou non do xacemento para determinar que é o que prevalece, cousa que non fai a citada Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Solo de protección agrícola

Debe criticarse que no solo rústico de protección agrícola siga sendo un uso prohibido o extractivo. Cando se consideran na lexislación vixente como uso autorizable e, no anteprojecto se pretende que sexan permitidas as “Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales coma dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos fluviais, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas”.

O agravio comparativo está servido: un movemento de terras, un abancalamiento, un desmonte ou un recheo nun solo de protección agrícola producen sobre o devandito solo idéntico efecto que unha explotación de gravas, areas, turbas etc. É dicir, o efecto común é a destrución do horizonte ou cuberta vexetal, pero cunha agravante nas obras antes citadas: non está por lei imposta a restauración ou rehabilitación do espazo, que si se esixe á empresa mineira. Unha explotación mineira está obrigada, por Real Decreto, á restauración, impondo ademais a obriga de constituír garantías financeiras e, por último, establecendo que, antes de abandonar o espazo mineiro ao rematar a explotación, se presente un proxecto que ten que ser aprobado pola autoridade. Se non fose bastante garantía, o propio Real Decreto impón a revexetación do terreo.

Unha lei a cuestionar

Sucede, e non infrecuentemente, que sobre un mesmo territorio ou porción de el conflúen diferentes intereses, actividades ou usos, que ás veces uns teñen declarada a utilidade pública ou o interese social e outros non; noutras ocasións, todos os concorrentes gozan desta declaración. É precisamente neste segundo caso, en que tódolos concorrentes gozan da declaración de utilidade pública ou o interese social, en que a xurisprudencia foi máis precisa á hora de delimitar criterios para dirimir un posible conflito. Maior complexidade aínda se produce cando detrás dos devanditos intereses, usos ou actividades concorren distintas administracións con facultades habilitantes ou competencias coincidentes.

En calquera caso, a solución non debe en modo algún ser apriorística e unilateralmente adoptada por unha das administracións, senón que cómpre acudir a un trámite específico (ou de prevalencia) para dirimir a contenda. De modo que, tras oír aos representantes de ambos intereses públicos, se adopte a decisión que corresponda sobre cal de eles debe prevalecer, en caso de ser incompatibles.

Quizá a sentenza pioneira en establecer a doutrina do “caso a caso”, naquel suposto para dirimir a confrontación entre o interese público mineiro e o medioambiental, foi a do Tribunal Constitucional pleno (S 04-11-1982, BOE 10-12-1982. Pte: Latorre Segura, Ángel): “Ponderar en cada caso a importancia para a economía nacional da explotación mineira da que se trata e do dano que poda producir ao medio ambiente”. Este fallo foi seguido de outro do propio Tribunal Constitu-

Julio César Valle Feijoo
ASESOR XURÍDICO DE AGA

cional, que, con maior énfase aínda, proscribe a substracción de recursos mineiros á riqueza nacional, mesmo dentro do ámbito dos espazos naturais protexidos. Referímonos á sentenza 170/1989 de 19 de outubro.

Rapidamente callou esa doutrina na xurisprudencia ordinaria: “Trátase de conciliar un suposto de concorrencia de Administracións, e iso deberá facerse atendendo aos respectivos títulos competenciais (...) senón que deberá ana-



Cabe cuestionar a licitude das prohibicións xenéricas contidas na lei 9/2002



lizarse en cada caso se concorren en dito lugar outros valores tamén constitucionalmente protexidos, dignos de tutela prevalente”. TSX Valencia Sala do Contencioso-Administrativo, sec. 2ª, S 29-12-2005, nº 1545/2005, e, de forma farto didáctica, a do 10 de abril 2008, dictada pola sec. 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX da Comunidade Valenciana.

Nesta liña asentouse desde antigo e sen titubeos a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia: “Obriga, suposto de existir oposición e concorrencia, como é o caso, de dous

intereses públicos en xogo, un dos cales debe ser sacrificado a pronunciarse sobre a compatibilidade dos aproveitamentos e, caso de incompatibilidade, decantarse por un ou outro e iso de forma motivada, ao estar interesado en ambos casos o interese público”, TSX Galicia Sala do Contencioso-Administrativo, sec. 3ª, S 22-12-2000, nº 1034/2000 rec. 7762/1997. Pte: D’Amorin Vieitez, Francisco Javier.

Como non poucas veces ocorre, da xurisprudencia consolidada pásase á práctica administrativa (cónstanos que a Administración galega non foi allea á mesma) e, de aí pásase aos textos normativos.

É nesa dinámica na que debe encadrarse o vixente artigo 122 da Lei de Minas introducindo na mesma pola Lei 12/2007, de 2 de xullo: “Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei de Minas deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico”.

A primeira sentenza que ampara expresamente este precepto é a do TSX de Valencia de data 10 de abril de 2008. Neste fallo se sanciona ao planificador municipal por non ponderar de forma bastante e motivada a concorrencia do uso mineiro co ambiental, anulando o precepto dun plan esencial de protección dunha paraxe natural, que prohibía a actividade extractiva de maneira xenérica.

Á luz da evolución normativa e xurisprudencial reseñada, cabe cuestionar, cando menos, a licitude das prohibicións xenéricas contidas na Lei 9/2002 para o uso extractivo, e tal vez se precise un pronunciamento do Tribunal Constitucional sobre esta cuestión.

A planificación mineira do País de Gales constitúe un exemplo a seguir

Bárbara González Vilariño

A minería no País de Gales leva sendo un recurso económico primordial desde o século XVIII. A súa capital, Cardiff, foi a maior cidade exportadora de carbón no ano 1913, un fito que aínda ten vixencia hoxe en día. A Asamblea de Goberno de Gales determina que no 2001 a exportación neta de gravilla a Inglaterra foi de 5 millóns de toneladas. Son uns datos que se consideran estables ata as datas actuais segundo a Pauta Nacional e Rexional para a Provisión de Áridos en Inglaterra (National and Regional Guidelines for Aggregates Provision in England, 2001-2016). Unha mostra da gran consideración que ten o Goberno do sector en xeral é que desde o ano 2000 as minas galesas recibiron máis de 29 millóns de libras en Axuda Estatal.

Debida a esta importancia que cobra a minería, foi preciso establecer un sistema lexislativo que a controlase e mantivese. Existen dúas actas que regulan a minería no País de Gales: a política de Planificación Mineira de Gales (Minerals Planning Policy Wales) e a Acta do Consello Técnico Mineiro: áridos (Minerals Technical Advice Note: aggregates). A primeira é unha guía xeral, mentres que a segunda trata especificamente os áridos. Enténdense como guías que indican onde é posible a extracción e delimitan as políticas de planificación do desenvolvemento individual (unitary development plans

políticas). Estas políticas son uns dereitos de explotación de quince anos, que deben ser revisados cada cinco para comprobar a legalidade conforme a uns criterios económico-ambientais. A

segunda acta comenta pormenorizadamente aspectos da produción, demanda, abastecemento e áreas de especial protección.

Política de Planificación Mineira (Minerals Planning Policy)

A Política de Planificación Mineira divídese nos seguintes apartados: provisión de material, protección de áreas de relevancia, redución do impacto da extracción mineral, restablecemento e coidado despois do uso, eficiencia e reciclaxe de materiais.

Son obxecto de regulación todo tipo de extraccións tanto dentro, sobre ou baixo superficie terrestre -os áridos mariños non están incluídos nesta acta. A Asamblea Nacional de Gales e os inspectores de planificación designados toman en consideración esta acta para permitir o desenvolvemento dos plans unitarios de explotación. Pola natureza destes recursos, de longa explotación, estas actividades asumen revisións periódicas dos seus respectivos permisos, que só se conceden se existe un plan de viabilidade para a canteira despois da súa explotación.

Os obxectivos desta acta son: mantemento dun progreso socioeconómico que recoñeza as necesidades tanto da sociedade coma do sector, protección efectiva do medioambiente, uso prudente e reciclaxe destes recursos e mantemento de altos niveis de crecemento económico a través de axudas.

Obxectivos

- Mantemento dun progreso socioeconómico que recoñeza as necesidades tanto da sociedade coma do sector: prover beneficios a través dun adecuado suministro local, rexional e do Reino Unido.
- Protección efectiva do medioambiente: determínanse unhas áreas de protección especial. Aínda así, existe unha cláusula que lexitima invalidar este criterio en beneficio do aprovisionamento de minerais avalado por un estudo que cotexe o impacto ambiental/cultural e o beneficio socioeconómico.
- Uso prudente e reciclaxe destes recursos: minimización das perdas e máximo aproveitamento. Establecerase un nivel de explotación que non deberá sobrepasarse nin facer rendemento por debaixo do nivel pautado.
- Mantemento de altos e estables niveis de crecemento económico a través de axudas. Os grupos de traballadores dos áridos determinan as estimacións rexionais de niveis de suministro e demanda.


Acta do Consello Técnico Mineiro: Áridos (Minerals Technical Advice Note: Aggregates)

A Acta do Consello Técnico Mineiro complementa ós obxectivos da Política de Planificación Mineira en relación co sector dos áridos. Explicita a formación nos anos setenta dos grupos rexionais de traballadores de áridos, inclúe os posibles usos dos terreos e unha reclama ao departamento de medioambiente sobre os usos da agricultura en conflito coa explotación.

A acta primeiramente divide os áridos en tres categorías: primarios (primary aggregates), secundarios/recicladados (secondary/recycled aggregates) e minerais elaborados (mineral waste). Tendo isto en conta, os dous grupos rexionais de traballadores de áridos guían a produción. Xuntos aconsellan ao órgano central, o grupo nacional coordinador, o cal crea un foro de discusión de ámbito estatal sobre a labor dos grupos de traballadores de todo o Reino Unido. Un subgrupo técnico deste órgano central encárgase de ofrecer o asesoramento específico.

En 1995 os dous grupos galeses de traballadores crearon a súa propia guía para ofrecer un servizo de asesoramento e control posto ao día sobre a provisión de áridos no país de Gales. Dispostas estas clarificacións, engádesse o mantemento do suministro con previsión. E a continuación determináanse os impostos para os áridos, dos cales están exentos os materiais reciclados e reutilizados, tendo en conta sempre os niveis de demanda rexional especificados na acta xeral de minería.

Igualmente, dedícase un grande apartado aos usos da terra en consonancia coa explotación mineira e o seu posterior emprego, aunando intereses socioeconómicos a nivel local, rexional e estatal, xunto cos usos patrimoniais ou medioambientais. Considera a agri-



A minería é un recurso primordial no País de Gales desde o século XVIII. No 2001 exportáronse cinco millóns de toneladas de gravilla a Inglaterra

cultura como un sector que non debe estar enfrontado coa explotación mineira, explicitando usos para plantación.

Un exemplo organizativo

En Galicia, a Lei de Ordenación Mineira aínda non dá saída para as case 300 canteiras sen papeis en regra. Sen embargo, o modelo lexislativo do país de Gales constitúe un exemplo organizativo para o sector. A Asamblea do Goberno de Gales lega responsabilidades e funcións nas Autoridades de Planifica-

ción Mineira (Mineral Planning Authorities), que controlan a toda a proxeción do traballo mineiro. Este concepto implica a cada condado, empresa e a cada autoridade de parques nacionais en Gales, segundo a Acta de Planificación Nacional de 1990 (Country Planning Act 1990). A maiores, a Asamblea do Goberno especifica unha serie de revisións que as canteiras deben cumprir para seguir en funcionamento, ofrecendo un desenvolvemento sostible que beneficie non tan só ao propio sector, senón tamén á sociedade.



EMPRESAS ASOCIADAS

ÁRIDOS ANTELANOS S.L.

Ctra. comarcal, 531. Xinzo-Celanova km3,2.
Vilariño das Poldras. Sandiás. Ourense
988 46 59 30
aridosantelanos@eresmas.com

ÁRIDOS CHAN DE SALGOSA S.L.

Liñares. As neves. Pontevedra
986 64 83 81
chandosalgosa@hotmail.com

ÁRIDOS DE ASTARIZ S.A.

Lugar Fea. Toen. Ourense
988 26 28 00 - probigasa@probigasa.es

ÁRIDOS DE LA CORUÑA S.A.

Lugar Candame, s/n. Arteixo. A Coruña
981 60 04 85
finanzas@prefhorvisa.es

ÁRIDOS DE REBOIRA S.A. (ARESA)

Lugar Reboira. Ardemil. A Coruña
981 69 28 77

ÁRIDOS DE SALVATIERRA S.C.L.

Oleiros. Teanes. Salvaterra do Miño.
Pontevedra
986 65 81 06

ÁRIDOS DEL UMIA S.A.

C/Víctor Sáid Armesto, 1-2º. Pontevedra
986 85 18 36
aridosdelumia@aridosdelumia.com

ÁRIDOS DO MENDO S.L.

Chan de Salgosa, s/n. Oleiros. Salvaterra do Miño. Pontevedra. 986 65 80 18
aridosdomendo@aridosdomendo.com

ÁRIDOS MIRAMONTES S.A.

Canteiras Miramontes. Grixa. Santiago de Compostela. A Coruña
981 89 87 18 - arimisa@telefonica.net

ÁRIDOS PUENTEAREAS S.L.

C/Cuesta Hernández, 1. Tui. Pontevedra
986 66 03 35
aridospuenteareas@yahoo.es

ÁRIDOS Y CONTRATAS S.A. (ARCONSA)

Castroverde, s/n. San Ciprián das Viñas. Ourense
988 22 48 82 - sara@myhonor.com

CAMILO CARBALLAL S.L.

Casalonga, s/n Calo. Teo. A Coruña.
981 54 86 86
camilocarballal@camilocarballal.com

CANARGA

El Paleo, s/n. Carral. A Coruña
981 25 62 42 - canarga@canarga.com

CANTEIRA DA MINA S.L.

Barilongo s/n. Santa Comba. A Coruña
981 19 14 25
canteiradamina@yahoo.es

CANTEIRA DO PENEDO S.A. (CANPESA)

C/Reina, 1. 3º. Lugo
982 28 41 75 - javier@canpesa.com

CANTEIRAS DE XUBÍN S.L.

Lugar a Fareixa. Xubin. Cenlle. Ourense
988 40 06 48
canterasxubin@gmail.com

CANTEIROS DO PORRIÑO REUNIDOS S.A.

Ctra. de Salceda, km. 2. Budiño. Porriño. Pontevedra. 986 33 16 40
canteiros@canteiros.net

CANTERA CUARCITA SAN CLODIO S.L.

Ctra. Vegamolinos, 156. O Barco. Ourense
988 32 10 00 - rairos@acoval.es

CANTERA DE MONTESALGUEIRO S.L.

Ctra. N6, km.555. Aranga. A Coruña
981 17 36 16 - maribel@myhonor.com

CANTERA DE PESCAS S.L.

Ctera. A Coruña-Carballo, km.3. A Coruña
981 17 36 16 - maribel@myhonor.com

CANTERA DE TRAMBASAGUAS S.L.

Lugar Freón. Monteagudo. Arteixo. A Coruña
981 64 22 26
ines@canteratrambasaguas.com

CANTERAS DE MOUCHO S.A.

Ctera. Coruña-Carballo, km.6. Arteixo. A Coruña
981 60 70 00 - hnoroste@yahoo.es

CANTERAS DE PORTODEMOURO S.L.

Portodemouros. Vila de Cruces. Pontevedra
986 58 20 07 - cpm@crcos.com

CANTERAS DE PREBETONG S.L.

C/Brasil, 56. 2º. Vigo. Pontevedra
986 26 90 00 - mgomez@cimpor.com

CANTERAS DE RICHINOL S.L.

C/Arenal, 64. Entreplanta Izda. Lalín. Pontevedra. 986 78 71 02
richinol@canterasare.com

CANTERAS DEL ARENAL, S.L.

C/Arenal, 64. Entreplanta Izda. Lalín. Pontevedra. 986 78 71 02
arenal@canterasare.com

CANTERAS EL POZO S.L.

Esperón, 26. Tabeayo. Carral. A Coruña
981 67 03 56
canteraselpozo79@gmail.com

CANTERAS FERROLANAS S.A.

Ctra. Cobas, km. 4. Ferrol. A Coruña
981 32 76 00
canfesa_cobas@yahoo.com

CANTERAS ISIDRO OTERO S.L.

Valiñadares. Mondoñedo. Lugo
982 52 10 03
isidrootero@terra.es

CONDESMO S.A.

Ronda de las Mercedes. Entrlo. Lugo.
982 28 43 28
administracion@grupobascuas.com

CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO S.A. (ÁRIDOS DEL TAMEGA)

Travesía de Sosas, 21. Verín. Ourense
988 41 00 88
carrajo@infonegocio.com

CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L.

Avda. Finisterre, 267. A Coruña
981 27 56 15
construcciones@lopezcao.com

**CUARZOS INDUSTRIALES S.A.**

Mina Serrabal. San Pedro de Vilanova, s/n.
Vedra. A Coruña
981 51 22 02 - cuarzosi@teleline.es

ERIMSA S.A.

C/Juana de Vega, 2. 6º. A Coruña
981 22 89 88 - erimsa@erimsa.com

**EXPLORACIONES CANTERAS
NOROESTE S.A. (EXCANSO)**

C/Reina, 14. 2ºB. Lugo.
982 28 42 91
excansa@infonegocio.com

**EXPLORACIONES MINERAS
CAMPOMARZO S.A.**

Campomarzo, 16. Bandeira. Pontevedra
986 89 67 87 - info@campomarzo.es

FOMENTO DE ARIDOS Y OBRAS S.L.

Lugar Hermida. Marcon, 62. Pontevedra
986 84 47 09 - info@farosl.com

GENERAL DE HORMIGONES S.A.

Vilar, s/n. Silleda. Pontevedra
986 68 95 85 - silleda@gedhosa.es

GRANITOS DE XALLAS S.L.

Cantera Pedreiras. Paraje de Frieiro, s/n.
Santa Comba. A Coruña
981 88 07 32 - gxallas@info3.com

GRANITOS TRITURADOS S.L.

Ctra. de Salceda, km.2. Budiño. Porriño.
Pontevedra
986 71 50 91
canteiros@canteiros.net

GRANITOS Y ÁRIDOS DE ATIOS S.L.

Vilafria - Atios. Porriño. Pontevedra
986 33 42 95
aridos@granitosyaridos.e.telefonica.net

GRAVERAS CASTRO S.L.

Ctra Celanova, 49. Ourense
988 46 28 18 - aln@profesionais.eu

GRAVERAS LIMIA S.L.

CR OU 531. 3,400. Sandianes. Ourense
988 46 59 79
graveraslimia@telefonica.net
marimar@graveraslimia.com

HERGAYA S.A.

Ronda de las Mercedes, 37. Entlo. Lugo
982 28 43 28
administracion@grupobascuas.com

HOLCIM ARIDOS S.L.

Lugar Sequeiros, 73 C. Portela-Barro.
Pontevedra
986 71 32 84
dominik.casanova@holcim.com

HORLUSA

Ronda del Carmen, 60-62. Entrlo. Lugo
982 20 14 19 - horlusa@wanadoo.es

HORMIGONES DE XARAS S.L.

Casalnovo, 4. Ribeira. A Coruña
981 87 29 19

HORMIGONES VALLE MIÑOR S.A.

Polígono Industrial As Gándaras, s/n.
Porriño. Pontevedra
986 34 34 34 - hvm@grupominor.com

HORMIGONES Y ÁRIDOS LA BARCA S.A.

C/Benito Corbal, 38. 2º D. Pontevedra
986 85 98 12
csierra@hormigoneslabarca.com

JOSE SANJURJO CONSTRUCCIONES S.L.

C/José María Chao, 21. Villalba. Lugo
982 51 02 11 - j.sanjurjo@terra.es

LISTA ARENAS Y GRAVAS S.A.

Ctra. 552 Coruña-Carballo, km.4. A Coruña
981 29 10 44 - lista@listagranit.com

MENDO MINEIRA S.L.

Chan de Salgosa, s/n. Oleiros. Salvaterra do
Miño. Pontevedra. 986 65 80 18
aridosdomendo@aridosdomendo.com

MINAS DE BANDEIRA S.A. (MIBASA)

Monte Carreira, km.5. Ctra. Bandeira
Cruces. Silleda. Pontevedra
986 58 53 25 - mibasa@mibasa.es

NEMESIO ORDOÑEZ S.A.

Lugar Runs, 49. Boiro. A Coruña
981 84 53 85 - correo@nosa.es

PREBETONG LUGO S.A.

C/Brasil, 56. 2º. Vigo. Pontevedra
986 26 90 00 - mgomez@cimpor.es

**ROCAS, ARCILLAS Y MINERALES S.A.
(RAMSA)**

Mina Serrabal. San Pedro de Vilanova, s/n.
Vedra. A Coruña
981 51 22 02 - cuarzosi@teleline.es

SERCOYSA, PROYECTOS Y OBRAS S.A.

Polígono Industrial O Campiño. Rúa das
Mámoas, 37. Pontevedra
986 87 65 44 - info@sercoysa.es

EMPRESAS ADHERIDAS A AGA

SANDVIK ESPAÑOLA S.A.

Parque empresarial Puerta de Madrid
Este. San Fernando de Henares. Madrid
91 660 52 32
www.sandvik.com

ORICA EXPLOSIVOS INDUSTRIALES S.A.

Ctra. Villafer, km 7. Valderas. León
987 76 32 06
www.oricaminingsservices.com

PRODUCTIVA. FÁBRICA DE REDES.LDA

C/Rei Ramiro, 27. Vinanova Gaia.
Portugal
351 223 771 770
www.productiva.net

MAXAM EUROPE S.A.

Marques de Riestra, 34. 5ªA.
Pontevedra
986 85 69 74
www.maxan-europe.com

MANUEL SANTOS CAO S.A.

Loureiro Crespo, 83. Pontevedra
986 84 60 94
www.santoscao.com

ASOCIADO DE AGA | ENRIQUE CASTRO | GRANITOS E ÁRIDOS DE ATIÓS

“A unidade fai a forza”

Leva case 45 anos traballando no mundo dos áridos e non se resiste a deixalo. Enrique Castro debería de estar xubilado “de verdade”, como afirma el mesmo, hai 12 anos pero segue agarrado ó timón de Granitos e áridos de Atíos. Foi un dos primeiros en detectar a necesidade de crear unha asociación no sector dos áridos e polo tanto, un dos impulsores da AGA, un dos dezaioito primeiros membros asociados. “A asociación é fundamental para afrontar problemas que ti só non podes resolver. Cantos máis sexamos mellor; a unidade fai a forza” sentencia convencido. Confesa que “xente da asociación de Madrid” contactou con el para que a súa explotación entrase a formar parte da entidade a nivel nacional. “Díxenlles que non porque se teño un problema, eles están en Madrid non aquí”. E incluso o volveron a intentar cando xa existía AGA como tal. Castro tivoo de novo claro: “a que debe formar parte dunha entidade a nivel nacional é AGA, que xa me representa a min”.

Este empresario do sur de Galicia asegura que está contento coa xestión que está a desenvolver a directiva da asociación en defensa do sector e as iniciativas que está levando a cabo.

40 anos de traballo no sector dos áridos

Sempre emprendedor, fixo medrar a empresa pouco a pouco e na medida do posible en cada momento: “empezamos catro socios con 500.000 pesetas cada un e seguimos sendo catro socios. Nunca quixen deber nada. Son dos que pensa que vale máis ter pouco e ben atendido”. Comezou a súa actividade cunha graveira na zona de Salvaterra do Miño e despois de



DNI

Nome
Enrique Castro
Mariña
Idade
77 anos
Lugar natal
Pontearreas
Ocupación
Propietario de
Granitos y Áridos de
Atíos

case vinte anos decidiu iniciar outra aventura empresarial noutro lugar adquirindo unha caniteira de granito no Porriño.

Nestas catro décadas de traballo no sector asegura non ter vivido unha baixada das vendas tan drástica. Manexa cifras de ata un descenso do 70% no presente 2009. “O que se está vendendo moi pouco é o árido destinado á construción e aqueles que se empregan para facer o formigón. O que nos salva son as vendas do produto para as plantas de aglomerado quente, de aglomerado de area, e o utilizado nas vigas e nos tubos de riego”.

Aínda que non considera unha mellora da situación económica a curto prazo, xa que “se destruíron moitas empresas e volvelas a crear non é nada fácil”, confía en aguantar gracias ás medidas que con previsión tomou hai algún tempo.